SERVIZO GALEGO de SAÚDE

# OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016
## LICENCIADO/A SANITARIO

## 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

### INSTRUCIÓNS:

**1.** - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

**2.** – Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Galego"** entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

**3.** – O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

**4.** – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

**5.** - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

**6.** - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

**7.**- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

**8.** - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS***
***QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS***
***PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

00367251448444442000026364149726048811354

**1. Sinale a frase correcta:**

A) A xenética é coma unha arborescencia de múltiples polas.

B) A xenética é coma unha arborescenza de múltiples polas.

C) A xenética é coma unha arborescencia de múltiples pólas.

D) A xenética é coma unha arborescenza de múltiples pólas.

**2. Sinale a opción incorrecta:**

A) Tumor renal.

B) Cirurxía de tóras.

C) Cirurxía cardíaca.

D) Alerxia e inmunoloxía.

**3. Sinale o termo incorrecto:**

A) Cirurxía.

B) Inxeción.

C) Cancro.

D) Tuberculose.

**4. Indique a frase correcta:**

A) Teño aguxetas nos brazos.

B) Teño maniotas nos brazos.

C) Teño agulletas nos brazos.

D) Teño manoutas nos brazos.

**5. Sinale cal das seguintes series de palabras traducidas do castelán ao galego é incorrecta:**

A) Cabestrillo/Estribeira.

B) Jarabe/Xarabe.

C) Riñón/Ril.

D) Cartílago/Cartilaxe.

**6. Sinale o termo incorrecto:**

A) Parasito.

B) Parasitose.

C) Parásito.

D) Parasitoloxía.

**7. Sinale a frase correcta:**

A) O xuíz arquivou as actuacións tras o acareo das persoas investigadas.

B) O xuez arquivou as actuacións tras o acareo das persoas investigadas.

C) O xuíz archivou as actuacións tras o careo das persoas investigadas.

D) O xuíz arquivou as actuacións tras o careo das persoas investigadas.

**8. Existe en galego o substantivo feminino "baca"?**

A) Si. Refírese ao armazón que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes.

B) Si. Úsase para referirse ao mamífero da suborde dos ruminantes, femia do boi, que se cría para aproveitarlle o leite, a carne e a pel.

C) Si. Fai alusión á arte de pesca de arrastre máis pequena ca o bou, que se utiliza preto da costa e que, levada por un barco só ou ben entre dous, se lanza ao mar para logo ila arrastrando durante varias horas ata que se mete de novo a bordo coa pesca.

D) Non. Só existe o termo "vaca" en galego.

**9. Cal é a forma galega do substantivo castelán "tifus"?**

A) Tifus.

B) Tifes.

C) Tifo.

D) Tife.

**10. Sinale o termo correcto:**

A) Ombro.

B) Hombro.

C) Hombreiro.

D) Ningún dos termos anteriores é correcto.

Preguntas de reserva

**1. Indique a concordancia correcta:**

A) A sal.

B) O auga.

C) A suor.

D) A nariz.

**2. Sinale o termo correcto:**

A) Sustantivo.

B) Subministración.

C) Suxección.

D) Afeción.